



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Nomeamento dunha Informadora turística para a Oficina Municipal de Turismo do Concello de Laxe, ao abeiro do programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2022.

**Expte. Admvo. Núm.:** 2022/E001/000002

**Expte. Decreto Núm.:** 2022/G003/000442

Por resolución da alcaldía núm. 357/2022 de 16 de xuño de 2022 aprobáronse as Bases de contratación de 2 informadores turísticos para a Oficina Municipal de Turismo de Laxe ao abeiro do programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2022.

Con data de 23/06/2022 publicouse anuncio desta convocatoria no BOP da Coruña núm. 119 establecéndose un prazo de presentación de solicitudes de cinco días hábiles a partir da publicación do dito anuncio.

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 396/2022, de data 06/07/2022 aprobouse a lista de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, a composición do tribunal de selección e o inicio da fase de oposición.

Vista a acta de selección do Tribunal de data 08/07/2022 que avaliou a proba e os méritos acreditados polas aspirantes presentadas ao concurso-oposición na que propón ao Sr. Alcalde designar a Cristina Veiras Barreiro e a M<sup>a</sup> José Lema Vidal como informadoras turísticas para a Oficina Municipal de Turismo do Concello de Laxe por un período de 2,5 meses.

Con data de 12/07/2022 Cristina Veiras Barreiro presentou escrito de renuncia á proposta de nomeamento como informadora turística para OMT do Concello de Laxe por “*incompatibilidade laboral*”.

Unha vez comprobada a documentación presentada pola aspirante M<sup>a</sup> José Lema Vidal, establecida na base décimo primeira das bases de selección.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

### RESOLVE:

**Primeiro:** Aceptar a renuncia á proposta de nomeamento realizada por Cristina Veiras Barreiro.

**Segundo:** Nomear a M<sup>a</sup> José Lema Vidal como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de información turística na Oficina Municipal de Turismo do Concello de Laxe, a xornada

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

completa e baixo a modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción.

O contrato terá unha duración de 2,5 meses, dende o 16/07/2022 ata o 30/09/2022, ámbolos dous incluídos.

**Terceiro:** De acordo coa base 9.5 das bases de selección, esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello ([www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com)) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria – interventora

José Luís Pérez Añón

Begoña Carrasco García

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 13/07/2022 14:15:00)

Begoña Carrasco García

(FECHA: 13/07/2022 13:09:00)

Decreto Nº: 423/2022 - Fecha de decreto: 13/07/2022

Versión imprimible

CVD: l4WqjkLcsiNhcuY0DAkG  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)